

## CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA FESTAS POPULARES NO ANO 2025

### BASES

#### Disposicións xerais

1. Estas subvencións rexeranse polo establecido na presente convocatoria; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no Regulamento Xeral da Lei de Subvencións aprobado por Real Decreto 886/2006, de 21 de xullo; na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; no Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas; na Ordenanza Xeral de Subvencións, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025, e nas restantes normas de dereito administrativo que no seu caso sexan aplicables, e na súa falta, as normas de dereito privado.
2. As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29/05/2025, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025.
3. Estas bases teñen por obxecto a regulación da concesión de axudas económicas a entidades e asociacións sen ánimo de lucro do Concello de Cambados que organicen as festas patronais ou populares de tradición e arraigo no concello.
4. O marco competencial no que se sustenta esta convocatoria ven reflexado na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, que no seu artigo 25.2.m) recolle como competencia propia municipal a promoción da cultura e equipamentos culturais.
5. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de publicidade e igualdade.

#### 1. Obxecto e Finalidade da Concesión das Subvencións.

A finalidade desta convocatoria é favorecer a iniciativa veciñal organizada, mediante asociacións culturais do Concello de Cambados, para que desenvolvan eventos de natureza participativa do concello, concretamente, as súas festas patronais ou populares tradicionais. Búscase promover deste xeito a cultura popular e a tradición festiva do concello.

#### 2. Actividades subvencionables.

1. Son gastos subvencionables aqueles directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, derivados da organización e contratación polas beneficiarias, no período subvencionable, de servizos ou actividades de carácter festivo ou lúdico, dentro do programa das festas populares ou patronais que celebren.

Isto pode incluír os gastos de contratación de actividades musicais e culturais, o alugamento de infraestruturas, dereitos de autor, publicidade da propia actividade, pirotecnia e outros directamente vinculados á actividade obxecto de subvención.

2. Subvencionaranse actuacións levadas a cabo entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2025.



### 3.- Crédito orzamentario e contía.

1. As contías previstas no Orzamento Municipal 2025 para esta convocatoria de subvencións e que representan o máximo de obrigas que se poden adquirir ascende a 12.000,00 €, sendo a aplicación orzamentaria a 3380.48900.
2. A determinación da contía individualizada de cada subvención resultará da puntuación obtida tras a aplicación dos criterios establecidos na presente convocatoria e do número de solicitudes, non podendo ser o importe da subvención percibida individualmente por calquera das entidades superior a un 25% da contía consignada para o total da aplicación orzamentaria.
3. Poderá subvencionarse ata o 100% do custo da actuación solicitada.
4. Estas subvencións son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Para ese efecto os solicitantes deberán declarar todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, no momento da solicitude ou en calquera outro da vixencia do expediente en que se produza.

### 4.- Beneficiarios. Requisitos para Solicitar a Subvención.

Poderán solicitar estas subvencións as asociacións e entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Carecer de fins de lucro.
- b. Ter o seu domicilio social no termo municipal de Cambados e figurar inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.
- c. Desenvolver as súas actuacións no ámbito territorial do municipio.
- d. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a, recollidas no artigo 6 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados.

### 5.- Presentación das solicitudes, prazo e documentación.

1. As solicitudes de subvención presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cambados a través da sede electrónica (dispoñible durante as 24 h dos 365 días do ano), ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. O citado artigo impón a mesma obriga a quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

2. As entidades interesadas poderán solicita-las subvencións no prazo de **quinze días naturais**, contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no



BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

3. As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentaranse segundo modelo de solicitude (**Anexo I**) e anexos normalizados, debendo presentar a seguinte documentación:

- a) Descrición o máis detallada posible da actividade/s a desenvolver, e dos gastos e ingresos previstos para a súa realización (pódese cubrir no propio Anexo I ou aportar memoria independente).
- b) Acreditación do representante da Asociación (Anexo II.1) e copia do DNI do Presidente da Entidade, ou do que teña conferida a delegación debidamente acreditada.
- c) Copia do CIF da Asociación.
- d) Declaración de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (Anexo II.2).
- e) Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS).
- f) Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse (con código IBAN).

## 6.- Do procedemento de concesión das subvencións.

1.- Unha vez rematado o prazo previsto na cláusula quinta, a persoa que instrúa o procedemento, coa asistencia do persoal do servizo administrativo ao que lle corresponda por razón da materia, procederá á comprobación das solicitudes, efectuada conforme aos requisitos establecidos na ordenanza xeral e nesta convocatoria, na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario/a da subvención así como da documentación requirida, emitíndose Informe do instrutor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que as persoas ou entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

As solicitudes que incumplan os requisitos para adquirir a condición de beneficiario/a e/ou documentais, non se admitirán a trámite, sen prexuízo da aplicación do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para a emenda e mellora da solicitude: *“Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior, requirirase ó interesado para que, nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera así, se lle terá desistido da súa petición, previa resolución...”*.

2.- Unha vez informadas as solicitudes, o servizo instrutor someteráas á comisión de valoración.

A comisión de valoración, tras a avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios fixados nesta convocatoria, emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada e formulará a proposta de resolución, que deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e a puntuación outorgada segundo os criterios de valoración establecidos en cada convocatoria.

3.- O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución debidamente motivada, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a puntuación outorgada segundo os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.



4.- Unha vez recibida a proposta de resolución, xunto co resto do expediente, o órgano competente resolverá o procedemento, previa fiscalización da intervención.

5.- O Acordo de concesión das subvencións será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións.

6.- O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

### 7.- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración para a concesión e para a fixación da contía serán:

- Interese que teña o proxecto presentado para o desenvolvemento do Concello (ata 10 puntos).
- Transcendencia e repercusión fora do ámbito municipal (ata 5 puntos).
- Número de cidadáns beneficiados (ata 10 puntos).
- A diversificación na programación de actividades (ata 10 puntos).
- Carácter periódico ou permanente das actividades (ata 5 puntos)
- Imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiado pola subvención (ata 5 puntos).

### 8.- Obrigas dos beneficiarios.

Serán obrigas das entidades beneficiadas as recollidas no artigo 7.2. da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados.

### 9.- Xustificación.

1. A subvención que conceda o Concello de Cambados poderá financiar ata o 100% do custo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique un gasto inferior á cantidade concedida, reducirase proporcionalmente a subvención.

2. Ata o día **30 de novembro** (inclusive), as entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da subvención concedida, segundo os formularios previstos, debendo acompañar a seguinte documentación:

- Instancia asinada polo Presidente da entidade e dirixida ó Ilmo Alcalde-Presidente do Concello de Cambados, na que se solicite o seu abono no número de conta corrente indicada na solicitude (Anexo III).
- Conta xustificativa dos gastos realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Dita relación deberá presentarse conforme o Anexo IV.
- Facturas ou outros documentos xustificativos dos gastos efectuados, debendo estar expedidos ó nome da entidade e estar datadas no período subvencionable. Non se admitirán recibís por gastos de desprazamento nin albaráns. As facturas deberán cumprir os



requisitos establecidos para a súa expedición no regulamento de facturación, debendo conter como mínimo:

- ✓ Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
  - ✓ Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
  - ✓ Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.
  - ✓ Descrición do servizo ou subministro prestado.
  - ✓ Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
  - ✓ En todas as facturas se deberá achegar **xustificante de cargo bancario** ou constancia inequívoca de que a factura presentada foi pagada (palabra específica **“pagado” e selo da empresa ou sinatura** do representante da empresa que a expide).
- Declaración responsable segundo modelo establecido no Anexo V.
  - Memoria xustificativa da actividade realizada segundo modelo establecido no Anexo VI.
  - Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS) vixentes no momento da xustificación.

3. De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, entenderase que desiste da súa petición. No caso de que a xustificación presentada se estime insuficiente e emendable, o Concello requirirá a asociación no prazo de 10 días naturais, para que emende os defectos apreciados. Si transcorrido dito prazo, non se producira a emenda requirida, tal feito ocasionará a revogación da subvención e, en consecuencia o impago da mesma.

4. A comprobación e aprobación das xustificacións realizarase de acordo co disposto no artigo 24 da da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados.

## 10. Aboamento.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas, informadas e aprobadas polo órgano competente. Esta convocatoria non admite pagos anticipados.

Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

## 11.- Órgano instrutor e comisión de valoración.

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións no ámbito do Concello de Cambados compete á Técnica municipal de subvencións.

A persoa que instrúa o procedemento realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2. A avaliación das solicitudes corresponderá ao órgano Colexiado, denominado comisión de valoración, o cal tamén será o encargado de formular a proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor.

A comisión de valoración estará integrada polo membro da Corporación responsable da área de xestión municipal correspondente e por persoal do servizo de cultura e estará composta por unha presidencia, unha secretaría e dúas vogalías.

## 12. Publicidade dos distintos actos derivados da convocatoria.

A publicidade dos distintos actos derivados da presente convocatoria farase no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados, aloxado na sede electrónica municipal





(<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



## ANEXO I

### FORMULARIO SOLICITUDE SUBVENCIÓN

Dn/Dona \_\_\_\_\_ como representante da entidade/asociación \_\_\_\_\_ con N.I.F nº \_\_\_\_\_ e con domicilio a efecto de notificacións na rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ localidade \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_.

Teléfono/s \_\_\_\_\_  
Correo electrónico \_\_\_\_\_

**SOLICITA** a concesión dunha subvención por importe de \_\_\_\_\_ € para o desenvolvemento da actividade: \_\_\_\_\_.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:

Finalidade e características:
Persoas destinatarias:
Lugar:
Data prevista:

ORZAMENTO E FINANCIAMENTO:

Custo total previsto:	
Contribución prevista da Asociación/entidade (cotas socios....):	
Subvención solicitada ó Concello	
Subvencións solicitadas a outras Administracións	
Outras achegas previstas	

PARA O CAL SE ADXUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

1. Acreditación do representante da Asociación (**Anexo II.1**) e fotocopia do DNI do Presidente da Entidade, ou do que teña conferida a delegación debidamente acreditada.



2. Copia do CIF da Asociación.

3. Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (**Anexo II.2**).

4. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS).

5. Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse (con código IBAN).

Cambados,..... de .....de 20.....

(Sinatura)

**Sr. Alcalde/sa-Presidente do Ilmo. Concello de CAMBADOS.**



## ANEXO II.1

### MODELO ACREDITACIÓN DE REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con D.N.I \_\_\_\_\_ en  
calidade de Secretario/a da entidade

con C.I.F. \_\_\_\_\_

#### CERTIFICA:

Que D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con D.N.I \_\_\_\_\_ en  
calidade de *(cargo que ostenta na Asociación)* \_\_\_\_\_  
ostenta a representación da entidade para solicitar perante ó Concello de Cambados a  
concesión dunha subvención ó abeiro da convocatoria de subvencións á entidades sen fin  
de lucro para festas populares no ano 2024, e cumprimentar todos os trámites que sexan  
requiridos ó efecto.

E para que así conste, certifico en Cambados a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
de 20 \_\_\_\_\_.

O/A Secretario da Entidade

(Sinatura)

O/A Presidente da Entidade

(Sinatura)



## ANEXO II.2

Don/Dona \_\_\_\_\_ como representante  
da entidade/asociación \_\_\_\_\_ con N.I.F nº  
\_\_\_\_\_.

### DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a asociación/entidade \_\_\_\_\_ encontrase ó  
corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Cambados, e que non se  
encontra incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da  
condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei Xeral  
de Subvencións.

E para que así conste, para os efectos legais de poder obter a condición de beneficiario e  
posteriormente proceder ao cobro da subvención correspondente, asina a presente  
declaración, comprometéndose a comunicar calquera variación das circunstancias  
anteriormente declaradas.

Cambados,..... de .....de 20.....

(Sinatura)



### ANEXO III

#### SOLICITUDE DE ABONO DE SUBVENCIÓN

Don/Dona \_\_\_\_\_ como representante  
da entidade/asociación \_\_\_\_\_ con N.I.F nº  
\_\_\_\_\_.

**EXPÓN:** Que á entidade á que represento foille concedida unha subvención polo Concello de Cambados por importe de \_\_\_\_\_ €, para o desenvolvemento da actividade:  
\_\_\_\_\_.

Para a súa xustificación, apórtase a seguinte documentación:

1. Conta xustificativa dos gastos realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Dita relación deberá presentarse conforme o **Anexo IV**.
1. Facturas dos gastos efectuados. Con todas as facturas se achega **xustificante do cargo bancario ou constancia inequívoca de que a factura presentada foi pagada** (palabra específica “**pagado**” ou “**recibín**” e selo da empresa ou sinatura do representante da empresa que a expide).
2. Declaración responsable segundo modelo establecido no **Anexo V**.
3. Memoria xustificativa da actividade realizada segundo modelo establecido no **Anexo VI**.
4. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (AEAT, ATRIGA, TGSS) vixentes no momento da xustificación.

Por todo o cal, **SOLICITO:** O abono da subvención concedida, debendo facerse o seu ingreso na conta bancaria indicada na solicitude.

Cambados, ..... de .....de 20.....  
(Sinatura)

**Sr. Alcalde/sa-Presidente do Concello de Cambados.**





## ANEXO V: DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona.		D.N. I:	
Representante da Entidade		C.I.F. :	

### DECLARA RESPONSABLEMENTE:

1. Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e compren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
1. Que a actividade subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
3. Que os ingresos obtidos para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
4. Que esta entidade ten solicitada, concedida e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Cambados.

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€
		€

Marcar cun X no recadro no caso de non ter solicitado ningunha subvención para o desenvolvemento do proxecto

Cambados, ..... de ..... de 20.....  
(Sinatura)



ANEXO VI

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

<b>ENTIDADE:</b>	
<b>DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:</b>	
<b>Nº DE USUARIOS/BENEFICIARIOS:</b>	
<b>DATA DE INICIO:</b>	<b>DATA DE REMATE:</b>
<b>RESUMO ECONÓMICO</b>	TOTAL GASTOS
	TOTAL INGRESOS:
<b>FONTES DE FINANCIAMENTO</b>	Subvención municipal:
	Xunta:
	Deputación:
	Socios/as:
	Donativos:
	Recadación veciñal:
	Outros (especificar cales):
<b>OBXECTIVOS PREVISTOS:</b>	
<b>OBXECTIVOS ACADADOS:</b>	

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade a veracidade dos datos relacionados no presente Anexo.

En.....a.....de.....de 20.....  
(Sinatura)

